

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CMUS PROFESIONAL DE OURENSE  
CURSO : 1º GRAO ELEMENTAL ELEM ATA 6º G. PROFESIONAL  
MATERIA: VIOLÍN  
DEPARTAMENTO: CORDA FRICCIONADA  
DATA: 7 / MAIO / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

**1. Avaliación e cualificación.**

**2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre  
(recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso  
ampliación)**

**3. Información e publicidade.**

<b>1. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>PROCEDEMENTOS:</b></p> <p>O profesor ten no seu caderno os datos das dúas primeiras avaliacións, e recollerá un resumo do traballo realizado en cada unha das sesións de clase efectuadas ( por medios telemáticos) durante este tempo.  En dito caderno quedará reflectido o cumprimento, ou non dos obxectivos da 1º e 2º <b>AVALIACIÓN.</b>( Se non se cumpren, os obxectivos da 3ª recupéranse no curso seguinte.)  Tamén se analizarán as gravacións ( audios e videos) enviados polos alumnos.</p>
	<p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Caderno do profesor que inclue todas as anotacións efectuadas ao longo do curso</li> <li>• Audicións</li> <li>• Gravacións</li> <li>• Videos</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final está baseada nas cualificacións obtidas nas avaliacións anteriores, e o traballo realizado durante este Terceiro trimestre só terá carácter sumatorio.  A nota final resulta do desglose dos seguintes aspectos:  <b>INTERPRETACIÓN 30%</b>  <b>TÉCNICA 30%</b>  <b>ACTITUDE E INTERESE NAS CLASES 20%</b>  <b>AUTONOMÍA NO ESTUDIO INDIVIDUAL 20%</b></p> <p>Elaborarase un <b>INFORME</b> a final de curso , para <b>TODOS OS ALUMNOS</b>, con independencia da súa cualificación.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Os alumnos que ao final de curso non consigan acadar unha cualificación positiva, terán dereito a presentarse ás probas extraordinarias de setembro.  En estos casos o prof titor entregará ao alumno un informe de avaliación negativo. No informe, ademáis de expoñer os obxectivos non acadados, indicará o traballo que deberá vir resolto, e detallando os estudos e obras requeridos.</p> <p>( baseado na metodoloxía e bibliografía orientativa )</p>

<b>Alumnado de materia pendiente</b>	<b>Criterios de avaliación:</b> Os alumnos deberán interpretar correctamente o repertorio traballado nas avaliacións 1º e 2º ( presenciais), de acordo cos aspectos técnicos e musicais que figuran na programación.
	<b>Criterios de cualificación:</b> A cualificación efectuarase seguindo os mesmo criterios expostos con anterioridade
	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación:</b> Valoración da interpretación, según os aspectos recollidos nos criterios de cualificación.

<b>2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Haberá sesións de clases telemática ( cuando o Profesor e máis o alumno dispoñan de medios), e envío de gravacións por parte dos alumnos, que serán revisados polo profesor , e comentados ao alumno</li> <li>• Titorías virtuais todas as semanas (por vídeochamadas)</li> <li>• Dudas por whatsapp ou medios similares</li> <li>• Vídeos titoriais , etc.</li> <li>• Anotacións e explicacións a través das propias partituras</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade , e sen conectividade)</b>	<p>Os profesores de esta especialidade puxeronse en contacto cos alumnos mediante Whatsapp, Cisco, Google meet , envío de partituras con todas as anotacións e correccións, videoclases por Skype, e reenvío por correo de partituras novas, envío de acompañamento de piano de diversas partituras , e videos de youtube</p> <p>Hai comunicación contínua con todos os alumnos.</p> <p>Os alumnos remiten gravacións de videos, e audios.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Facer vídeo clases por Skype ou similar. Envío de audios feitos polo profesor para que o alumno os imite. Envío de partituras por correo electrónico. Envío de enlaces de vídeos de Youtube, etc, ....todo o que permita a conectividade do alumno</p>

